

**Joseba Achotegui: “Hai que poñer o foco nos migrantes e non na migración que non deixa de ser un constructo moitas veces manipulable. É máis sinxelo achegarse a unha persoa que a un constructo”**

- *O estrés crónico ou o Síndrome de Ulises son algunhas das consecuencias da enxeñería legal que impide, entre outros aspectos, a agrupación familiar dos migrantes.*
- *O ser humano é migrante por natureza, pero as condicións nas que o fai na actualidade son extremas e nada teñen que ver coas de hai 30 anos cara América.*

**Pontevedra, 24 de abril de 2019.-** O psiquiatra Joseba Achotegui sinalou ao comezo do seu relatorio de apoiar unha viaxe dramática moitas veces sen o anhelado retorno a Ítaca. Analizamos o impacto económico, demográfico ou social pero debríamos incidir no impacto das migracións no fáxil psiquismo humano, que dan como resultado moitas veces o síndrome do emigrante con estrés crónico ou Síndrome de Ulises. “Hai que poñer o foco nos migrantes e non na migración que non deixa de ser un constructo moitas veces manipulable. É máis sinxelo achegarse a unha persoa que a un constructo.

Os seres **humanos como bos emigrantes e seguramente esta capacidade nos diferencia como especie: a adaptación a todo tipo de contextos** como vivir nos Polos, no deserto e próximamente no Espazo. Os primates humanos xa foron migrantes como os Australopitecus hai 3.000.000 de anos, 2.000.000 o Homo Erectus e hai 100.000 anos o Homo Sapiens sapiens. É unha característica evolutiva como especie.

**Elementos biolóxicos e psicolóxicos asociados a migración, o sistema dopaminérxico relacionado coa capacidade de ter éxito na migración.** Que tipos de personalidade teñen máis tendencia a emigrar e tamén segundo a física termodinámica, todo tende a expandirse. Non é tan misterioso falar de migración.

**Síndrome de Ulises** é o sentimento de desprotección, de non ter obxectivos, etc. na actualidade, porque agora xa non é tan sinxelo moverse como hai 100.000 anos. Cada día lemos novas da construción de novos muros. Os seres humanos non temos raíces, temos pés que nos permiten movernos tal e como decía Abraham. Nel estudiamos como se vive a migración a día de hoxe a nivel psicolóxico, nun momento no que é complicado atopar novos horizontes. **Partindo de estudos realizados nos**

**anos 80 somos conscientes de como empeoraron as condicións dos migrantes.**

Daquela había ilusión, posibilidade dunha nova vida, un novo traballo e nas despedidas de aquela había ate un punto festivo. Na actualidade, facelo é unha odisea.

Agora as condicións son extremas e os migrantes chegan, cando o logran, ateridos, asustados, a piques de morrer e a estampa non ten nada que ver coa chegada a América dos nosos familiares hai uns anos.

A **crise financeira fixo migrar a xoves con estudos que tamén** o fan nunhas condicións cada vez máis complicadas. Estase a perder o dereito a migrar

**Diferencia con respecto a estas migracións de hai 30 ou 40 anos.**

- Ruptura familiar: emigran homes, mulleres e at nenos, pero solos. Antes migrar en familia podía ser compicado pero agora é imposible. Hai unha enxeñería legal que impide a agrupación familiar, as veces tardan 8 anos e xuntar unha nai cun pequeno que pasou aillado todo ese tempo.
- Estructuras sociais: condenados á discriminación permanente
- Emigrar na actualidade é un delito. Algo valeroso na historia da humanidade agora é como robar.

Estrés e **duelo migratorio** son as variantes que nos permiten avaliar como afectan á saúde mental dos migrantes. O duelo migratorio ten características psicolóxicas diferentes ao dunha morte. Recolle ata **7 duelos da migración**: familia, lingua, cultura, terra, estatus social, grupo de pertencencia e riscos físicos. Por iso adoita facelo xente nova e forte, porque non todo o mundo é quen de afrontar tantos cambios. O estrés, a tensión son características da migración, pero varía segundo as condicións nas que se fai. En condicións extremas pasa factura a nivel psicolóxico.

Habería **3 intensidades no duelo**: o duelo simple, o duelo complicado e do da actualidade que adoita ser duelo extremo. 50 millóns de persoas viven este tipo de situación. O Síndrome de Ulises é un proceso de adaptación complicado que se non se elabora de xeito adecuado pode xerar un trastorno que pode chegar a ser crónico por culpa do nosos modelo social: somos expulsados da sociedade. As psicosis por exemplo varían se o migrante o fai dentro dun grupo no que ten a sensación de estar protexido.

O **Síndrome de Ulises** non é unha enfermidade, é a resposta normal a unha situación de angustia, soidade forzada, etc. prolongada qu viven os migrantes: medo, incertidumbre, o non retorno ou retorno a un lugar que xa non é o que se deixou, pais separados de fillos, ruptura dese contacto familiar. Fan todos por uns fillos que están tan lonxe que xa nin se lembran dos país. Ruptura dos apegos, que son unha necesidade básica do ser humano. Porque agora é imposible migrar en familia”

Departamento prensa e comunicación.

Ana Buela 659748631 – [prensa@aulacastelao.gal](mailto:prensa@aulacastelao.gal)